



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, O INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BENSEGURO

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, como Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto do seu nomeamento 44/2024, do 14 de abril, e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e como Presidente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, consonte ao disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro.

Doutra parte, Diego Vázquez Reino, con DNI 79319033Z, en representación da Fundación Laboral de la Construcción – Consello Territorial de Galicia (en adiante, a Fundación), con NIF G80468416, e con domicilio en Rúa Pontepedriña de Arriba, 13, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña, en calidade de presidente da mesma, en virtude do nomeamento na reunión do Consello Territorial de Galicia o día 28 de novembro de 2019 (acta N° 201).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas:

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Correspóndelle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entre outras competencias, propoñer, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, entre outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial, tal e como se recolle no apartado a) do



artigo 1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica (DOG 101 do 27/05/2024).

O referido Decreto 147/2024, do 20 de maio, atribúe á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, como órgano superior desta Consellería, a dirección, a coordinación, o control e a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

En concreto, correspóndelle a promoción, a coordinación e a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

Segundo. Pola súa parte, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (en adiante ISSGA), creado como organismo autónomo adscrito orgánicamente á consellería competente en materia de traballo pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, configúrase como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, que, entre outras, levará a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación ás/aos traballadoras/es por conta propia e o conxunto da poboación, prestando especial atencións ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas.

Inclúe entre as súas funcións, en concreto, a colaboración e cooperación en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.

Terceiro. A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro constituída polas entidades máis representativas do sector: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), CCOO del Hábitat e a Federación de Industria, Construcción e Agro de UGT (UGT-FICA).

Trátase dun organismo paritario que persegue un fin de interese público vinculado ao Convenio Xeral do Sector da Construcción e, tal e como consta no artigo 3 dos seus estatutos, os seus principais obxectivos son o fomento da formación profesional, a investigación, o desenvolvemento e a promoción de actuacións tendentes á mellora da saúde laboral e á seguridade no traballo, así como a promoción de actuacións dirixidas á mellora do emprego.

Cuarto. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, conta con diversas estratexias de seguridade e saúde no traballo que constitúen os instrumentos para establecer o marco xeral das políticas de prevención, que se configuran como ferramentas a curto e medio prazo e permiten a continua revisión e actualización destas políticas segundo a demanda dos distintos sectores de actividade, tecido produtivo, os riscos emerxentes e, en xeral, adaptarse aos cambios e innovacións técnicas e normativas nun ámbito en constante evolución. Con ditas estratexias búscase fortalecer a implicación das insti-



tucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo a través, entre outros instrumentos, da sinatura de convenios de colaboración, como é o presente caso.

Quinto. Unha das maiores preocupacións da administración autonómica en materia laboral é a siniestralidade, moi presente especialmente no sector da construción e, dentro deste, especialmente, en empresas de pequeno tamaño e en obras menores.

Por iso, é necesario recorrer a todos os recursos posibles para a consecución da redución das cifras actuais, incluíndo a colaboración con entidades como a Fundación, que conta cunha consolidada experiencia en materia de prevención de riscos, e conseguir con elo o maior grado posible de concienciación das empresas nesta materia.

Sexto. O instrumento máis axeitado para levar a cabo esta colaboración é a do convenio.

A natureza da colaboración e os seus obxectivos responden directamente ao interese público de mellorar a formación das empresas en materia de prevención de riscos, contribuíndo deste xeito de modo claro á redución da siniestralidade laboral, o que xustifica a elección dunha fórmula de colaboración directa coa Fundación, por ser a única entidade no sector da construción destas características no ámbito territorial galego.

De acordo co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir este convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións e compromisos de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e a Fundación Laboral da Construcción de Galicia nas que se desenvolverá o proxecto Benseguro, cuxa finalidade principal é a de minimizar a siniestralidade laboral no sector da construción, con especial importancia das obras menores.

Segunda. Actuacións obxecto deste convenio

A colaboración que inspira este convenio, realizada a través do proxecto Benseguro, ten como obxectivo prioritario a redución da siniestralidade laboral no sector da construción, que será desenvolvido a través das seguintes actuacións:

- Creación da Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da construción.
- Elaboración dun Plan de Concienciación Social.
- Elaboración dun Plan de asesoramento de obras sen proxecto.



Terceira. Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da construción

Coa finalidade de coordinar as actuacións reflexadas na cláusula anterior e desenvolver as liñas a seguir no proxecto Benseguro, creárase a Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da construción.

Esta Comisión estará composta por representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, do ISGGA e da Fundación, esta última a través do Consello Territorial de Galicia, terá carácter paritario e estará composta por dous representantes da Confederación Nacional da Construción (CNC), un representante de CCOO del Hábitat e a Federación de Industria e un representante de Construción e Agro de UGT (UGT-FICA), e poderá complementarse coa presenza dun técnico de estrutura da Fundación Laboral.

A Comisión reunirse, como mínimo, trimestralmente, coincidindo coa publicación das cifras de siniestralidade por parte do ISSGA.

A súa función principal será analizar as referidas cifras de sinistralidade do sector, así como as actuacións recollidas neste proxecto, e definir, en base aos datos existentes, estratexias futuras de colaboración para a mellora da Seguridade e Saúde no sector da construción. Esta comisión será tamén a encargada de aprobar os procedementos de traballo do servizo de asesoramento, así como a definición da interlocución deste co ISSGA.

Cuarta. Plan de concienciación social

As partes asinantes consideran fundamental para a consecución do obxectivo deste convenio, isto é, a redución da siniestralidade laboral no sector da construción, concienciar á sociedade de que a forma na que se contratan as obras debe ser profesional, responsable e cumprindo coas medidas de seguridade pertinentes.

Co fin de lograr esta concienciación, preténdese desenvolver unha campaña publicitaria de concienciación que constará de dous obxectivos fundamentais:

1. Sensibilizar á sociedade sobre o problema dos accidentes laborais, e que está nas súas mans, a través dunha contratación responsable, axudar a paliar este problema.
2. Informar sobre as responsabilidades legais nas que incorren as persoas no momento en que contratan a unha empresa para que lles execute unha obra de rehabilitación ou unha intervención de mantemento.

A proposta para a elaboración da campaña definirase na Comisión Técnica de Seguimento, que a trasladará á Consellería para proceder a súa execución.



Quinta. Plan de asesoramento de obras sen proxecto

A sinistralidade laboral, como xa se indicou nos expoñendos deste convenio, está moi concentrada en empresas pequenas, e, principalmente, en obras de rehabilitación ou intervencións de mantemento. Este tipo de obras son moi difíciles de controlar por parte da Administración, xa que non contan con apertura de centro de traballo e, moitas veces, tampouco dispoñen de persoal técnico cualificado que indique as medidas a implementar para traballar de forma segura.

Para a consecución do obxectivo de reducir a siniestralidade laboral no sector da construción, ademais da concienciación perseguida co Plan referido na cláusula cuarta, é fundamental impulsar unha labor de asesoramento, fundamentalmente neste tipo de obras sen proxecto.

A realización desta labor require a implantación das seguintes actuacións:

1. Creación dun servizo de asesoramento en obra.

Este servizo estará composto por axentes de asesoramento de obras.

Para a posta en marcha do Proxecto Benseguro segundo o sinalado neste convenio despregaranse inicialmente, como proba piloto, un xefe de proxecto, un técnico coordinador, un técnico asesor e dous/dúas axentes, un para a zona norte (A Coruña e Lugo) e outro para a zona sur (Ourense e Pontevedra), que percorreren a xeografía galega detectando obras cuxas medidas de seguridade non sexan correctas, e asesorando sobre a forma correcta de realizar dita actividade.

2. Publicación de informes sobre o servizo de asesoramento en obra prestado.

Coa información recollida polo servizo de asesoramento segundo o disposto no punto anterior, publicaranse de forma periódica informes non vinculantes que axuden a ter un maior coñecemento sobre o estado das obras no ámbito da Seguridade e Saúde, coa finalidade de definir políticas e actuacións cada vez máis eficaces e eficientes.

Sexta. Outras actuacións do proxecto Benseguro

Durante a vixencia deste convenio despregaráanse igualmente as seguintes liñas de actuación, complementarias ás expostas nas cláusulas anteriores:

1. Creación dun mapa de riscos químicos para o sector da construción.

2. Actuacións para a promoción da saúde no traballo no sector da construción:

- Xornadas.
- Campañas de información e concienciación.
- Outras actuacións.



As temáticas inicialmente centraranse na saúde cardiovascular, dieta saudable, e prevención do tabaquismo e alcoholismo.

3. Xornadas técnicas que sirvan de acompañamento ás campañas definidas polo ISSGA para desenvolver no ano 2025.

Dentro deste marco de colaboración poderase desenvolver calquera outra actuación de interese aprobada pola Comisión Técnica de Seguimento regulada na cláusula terceira deste convenio.

Sétima. Compromisos das partes

1. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiará os gastos derivados deste Convenio de conformidade co establecido na cláusula oitava, participando na Comisión Técnica de Seguimento regulada na cláusula terceira conforme ao establecido na mesma.

2. O ISGGA comprométese a realizar as actividades previstas neste convenio cos medios materiais e persoais cos que conta, participando na Comisión Técnica de Seguimento regulada na cláusula terceira conforme ao establecido na mesma.

3. A Fundación comprométese a realizar as actividades previstas neste convenio cos medios materiais e persoais cos que conta e segundo o financiamento establecido na cláusula oitava, participando na Comisión Técnica de Seguimento regulada na cláusula terceira conforme ao establecido na mesma.

4. As partes asinantes comprométense a facer constar en todas as actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio (publicidade, comunicación, información, ..., ben sexa de forma impresa, audiovisual ou en calquera outro soporte empregado), os logotipos da Xunta de Galicia que figuren no seu Manual de identidade corporativa segundo as instrucións que a tal efecto determine a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así coma a imaxe paritaria da Fundación.

Oitava. Financiamento

A execución das actuacións que contempla este convenio ascende a un total de 200.000 euros, dos que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará á Fundación a cantidade máxima total de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.324A.640.0 (C.P. 2015 00504) que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería para 2025, en dúas anualidades, segundo o seguinte reparto:

APORTACIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN		
ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
48.000 EUROS	72.000 EUROS	120.000 EUROS



A achega da Consellería de 120.000 euros representa o 60% do investimento, comprometéndose a Fundación a aportar o 40% restante, segundo consta no anexo I deste convenio.

Novena. Forma de libramento e xustificación das actuacións

A Fundación deberá xustificar as actividades obxecto do convenio en dúas ocasións:

- antes do 30 de novembro de 2025 deberá xustificar a execución do 40 % das actividades obxecto do convenio.
- antes do 15 de xuño de 2026 deberá xustificar a execución do 60 % das actividades obxecto do convenio.

Para elo, deberá achegar, en cada unha das dúas ocasións, a seguinte documentación:

- Unha memoria-informe onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas pola Fundación.
- Unha memoria económica, realizada pola Fundación, onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación. Esta memoria incluirá:
 - Unha relación detallada de gastos e pagos realizados.
 - A documentación acreditativa dos gastos, consistente en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - A documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a cantidade total da factura pagada.

Unha vez recibida dita xustificación procederase ao pagamento dos gastos que xustifique a Fundación previa certificación de conformidade da Consellería en relación co cumprimento do convenio.

Para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ao período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ao IRPF.

No caso de detectarse deficiencias na execución do convenio, deberase levar a cabo unha redución proporcional na achega feita pola Consellería, fundamentalmente cando se trate de incumprimentos por parte da Fundación.



Décima. Relacións laborais

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal ao servizo da Fundación coa Consellería e co ISSGA, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo primeira. Modificación do convenio

As partes poderán modificar o convenio en calquera momento de mutuo acordo e a súa tramitación realizarase nos mesmos termos que o presente convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que exixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo segunda. Causas de resolución do convenio

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
- O acordo unánime de todas as partes asinantes
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Así mesmo, será causa de resolución a denuncia expresa de calquera das partes, que poderá realizarse en calquera momento, previa comunicación por escrito á outra parte asinante cunha antelación mínima dun mes respecto da data na que se vaia dar por finalizado.

Se cando concorra algunha das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.



Décimo terceira. Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 30 de xuño de 2026, sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por períodos de duración anual, previo cumprimento dos trámites orzamentarios, ata un máximo de catro anos.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas cláusulas constituirase unha comisión paritaria de seguimento que integrada por dúas persoas por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dúas persoas do ISGGA e dúas persoas da Fundación.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta. Natureza xurídica, réxime normativo e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Publicidade e inscrición en rexistros

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e as demais especificacións que constan no mesmo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acor-



do co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométese a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este Convenio na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración e Presidente do ISSGA

José González Vázquez

O presidente da Fundación Laboral de la construcción – consello territorial de Galicia

Diego Vázquez Reino





ANEXO I. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O custo total estimado das actuacións obxecto deste convenio ascende a 200.000 euros, IVE engadido, que será asumido polas partes asinantes conforme á seguinte distribución:

CONCEPTO	APORTACIÓN CONSELLERÍA	APORTACIÓN FUNDACIÓN	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	90.400 €	73.238,31 €	163.638,31 €
SUBMINISTROS E GASTOS INDIRECTOS	15.000 €	5.155,72 €	20.155,72 €
EQUIPOS E FERRAMENTAS INFOR- MÁTICOS	14.600 €	1.605,97 €	16.205,97 €
TOTAL	120.000 €	80.000 €	200.000 €